

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 17.01.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 17 de xaneiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 21721 (10/POC-003470)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre o procedemento para a provisión da praza de director/a xerente da empresa pública Galaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 11199 (10/PNC-001165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a presentación polo Goberno galego dun informe respecto dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017
- 2.2 19504 (10/PNC-001584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade e saúde laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017
- 2.3 20008 (10/PNC-001625)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do centro de saúde do concello de Soutomaior para mellorar a atención sanitaria e, en especial, a pediátrica que se está a prestar no centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

- 2.4 21095 (10/PNC-001729)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei 39/2006, do 14 decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017
- 2.5 21541 (10/PNC-001765)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas situacións de saturación que se veñen producindo nos servizos urxencias da atención primaria e hospitalaria, así como a recuperación das prazas amortizadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez_Vispo Rodríguez, na data 10/01/2018 10:19:09

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 21721(10/POC-003470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o procedemento para a provisión da praza de director/a xerente da empresa pública Galaria

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A empresa pública Galaria permaneceu durante aproximadamente un mes sen director/a-xerente pola renuncia da súa anterior dirixente, debido a outras posicións laborais. A finais de novembro deste ano 2017 a ex conselleira de Sanidade Rocío Mosquera foi presentada como nova responsable de Galaria, presentándose como tal a traballadores e profesionais relacionados con esta empresa pública, basicamente da área sanitaria de Vigo.

Este nomeamento foi defendido en público polo conselleiro de Sanidade e polo presidente da Xunta de Galicia, avalando o nomeamento e defendo as motivacións consideradas para facelo.

O venres 15 de decembro de 2017 o Diario Oficial de Galicia publicaba, no apartado IV Oposicións e Concursos, páxina 56762, a Orde do 1 de decembro de 2017 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo en Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. Concretamente a convocatoria diríxese á convocatoria para a posición de director-xerente da citada empresa pública. Nesta convocatoria se anuncian prazos de presentación de solicitudes, se ofrecen formularios e se anuncia o procedemento de resolución.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como explica a Xunta de Galicia esta convocatoria pública para a provisión da praza de director/a-xerente de Galaria cando foi anunciada previamente a persoa que vai ocupar esta posición?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/12/2017 10:03
Nº Rexistro: 21721
Data envío: 21/12/2017 10:03:05.835



 Grupo Parlamentario

2. Cumpre o procedemento aberto as consideracións legais axeitadas e as condicións mínimas consideradas de transparencia e igualdade de oportunidades?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 21/12/2017 09:57:23

Noela Blanco Rodríguez na data 21/12/2017 09:57:30

Reunión da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 11199(10/PNC-001165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dun informe respecto dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009

Publicación da iniciativa, 140, 05.07.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199
Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de avaliación dos plans de emprego xuvenil da Xunta de Galiza.

No pasado Consello de Goberno do 22 de xuño, a Xunta de Galiza anunciou un plan para impulsar o emprego xuvenil, investindo 9 millóns de euros en axudas para autónomos e a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos. Co programa estima beneficiar a 1.200 mozos, polo que supón un custe por beneficiario de 7.500 euros. A iniciativa forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, e este ano prevé beneficiar a un 20% máis que na edición anterior, a do 2016, cando segundo a Xunta de Galiza acadáronse os 1.000 participantes.

O programa de Garantía Xuvenil en Galicia enmárcase dentro da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven que, contempla actuacións que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade, facilitar a inserción no ámbito laboral, promover o emprendemento e mellorar a situación da mocidade dentro do mercado de traballo.

O programa inclúe tres liñas de actuacións. Unha liña destinada a apoiar o inicio de actividade do emprego autónomo, outra que ten como obxectivo fomentar nas empresas a contratación por conta allea, e por último unha liña destinada ás entidades sen ánimo de lucro, para incentivar a contratación dos mozos e mozas co obxectivo de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199

Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

“proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral”. Nesta liña a Xunta de Galiza sinala que “primarase este ano, como novidade, o criterio de estabilidade laboral”.

Con datos relativos ao primeiro trimestre do 2017 proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa , observamos como das 323.900 mozas e mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 118.900 (o 36,7%) están ocupados, 42.900 (o 13,2%) parados e os 162.200 (o 50,1%) restantes son inactivos.

A taxa de actividade entre a mocidade sitúase no 49,9%, e ademais, cunha evolución negativa durante o último ano, xa que caeu en 2 puntos. Mentres, a taxa de paro xuvenil deste colectivo é moito máis elevada que a do conxunto da economía galega, xa que se sitúa no 26,5%.

Son numerosos os plans impulsados pola Xunta de Galiza que, de xeito análogo a este, teñen enunciado nobres propósitos: a loita contra o desemprego entre a mocidade, a mellora da empregabilidade, o fomento da estabilidade... Porén, estes negativos datos a respecto do emprego xuvenil deberían levarnos a reflexionar sobre a utilidade e eficacia destes programas. É preciso realizar unha análise exhaustiva do cumprimento dos obxectivos enunciados para estes plans e verificar a situación laboral das persoas beneficiarias máis aló da duración da axuda, xa que as máis das veces supoñen unha transferencia directa de renda ás empresas contratantes sen contrapartidas nin garantías de permanencia ou estabilidade laboral unha vez rematada a axuda

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199
Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar un informe sobre os plans de emprego xuvenil levados a cabo pola Xunta de Galiza desde o ano 2009, onde conste o orzamento total destinado aos mesmos, número de persoas beneficiarias, nivel de mantemento das iniciativas emprendedoras, nivel de persoas con contratos indefinidos derivados das axudas á contratación por conta allea.”

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2017 13:07:22

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2017 13:07:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2017 13:16
Nº Rexistro: 11199

Data envío: 29/06/2017 13:16:59.416

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2017 13:07:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/06/2017 13:07:36

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2017 13:07:41

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2017 13:07:45

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 19504(10/PNC-001584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade e saúde laboral

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2017 12:49
Nº Rexistro: 19504
Data envío: 27/10/2017 12:49:43.655



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo, e para elo é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.

Segundo os datos oficiais do Observatorio Estatal de Condiciones del Trabajo, de setembro 2016 a agosto 2017 Galicia soportou un índice de incidencia de accidentes mortais (número de accidentes de traballo mortais/Poboación Afiliada) x 100.000) de 7,8, máis do dobre da media estatal.

O Grupo Parlamentario Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente ante o Goberno de España e a Xunta de Galicia que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas, que inevitablemente están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte aos dramáticos datos de sinistralidade laboral, o Goberno de Feijoo reduciu os orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). O proxecto de orzamentos do ano 2018 da Xunta de Galicia para o ISSGA é un 41,7 % menor que o do ano 2009, cando a partida que se dedicaba era de 10.682.331 €.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Potenciar a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral para que se desenvolva coherentemente e de xeito coordinado as políticas en materia de prevención de riscos laborais, co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais.
2. Incrementar durante a X lexislatura o orzamento dedicado á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), como ente independente, técnico e investigador en materia de saúde laboral, mediante a participación dos axentes sociais, ata os niveis do ano 2009.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Dotar e cubrir todas as prazas vacantes da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, tanto no Corpo Superior coma no Corpo de Subinspectores.
2. Ampliar, mediante oferta pública, en número suficiente o número de funcionarios, tanto no Corpo Superior como no Corpo de Subinspectores, de maneira que poidan desenrolar con eficacia as tarefas que lle corresponden, e especialmente o control das condicións de seguridade laboral que a lei lles encomenda.
3. Desenrolar un plan específico de formación continua para aumentar a súa capacitación na investigación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como para mellorar a detección das novas enfermidades profesionais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2017 12:49
Nº Rexistro: 19504
Data envío: 27/10/2017 12:49:43.655



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Esixir o cumprimento do Plan de prevención 2016-2020, dando participación no seu cumprimento efectivo nas empresas aos traballadores e traballadoras a través dos delegados e delegadas de prevención.

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/10/2017 12:35:24

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/10/2017 12:35:29

Julio Torrado Quintela na data 27/10/2017 12:35:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/10/2017 12:35:39

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 20008(10/PNC-001625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do centro de saúde do concello de Soutomaior para mellorar a atención sanitaria e, en especial, a pediátrica que se está a prestar no centro

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20008
Data envío: 09/11/2017 11:38:45.035

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa ben tempo que a veciñanza do concello de Soutomaior está a vivir serios problemas con respecto á sanidade pública. Problemas que son consecuencia dos recortes do PP en materia de sanidade. Problemas que se concretan en carencias de servizos sanitarios importantes, en semanas enteiras e mesmo meses nos que os veciños e veciñas quedan sen cobertura pediátrica no concello xa que o SERGAS non cubre as vacacións, en esperas de varias horas nos nosos centros de saúde, ou no feito de que haxa veciños que non poden darse de alta na atención primaria de Arcade porque os cupos están saturados.

Por iso, o BNG levou adiante diferentes iniciativas para solucionar esta realidade. Medidas propositivas para tratar de mellorar esta situación como a recollida de sinaturas para demandar servizo de pediatría e diferentes iniciativas municipais e parlamentarias esixindo a solución destes problemas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20008

Data envío: 09/11/2017 11:38:45.035

Ante ao silencio do PP de Soutomaior e a pasividade do PP na Xunta, os veciños e veciñas padecen unha situación de desmantelamento da sanidade que ten graves consecuencias para este servizo público fundamental. Hoxe por hoxe os médicos de Soutomaior teñen que atender ata a 65 pacientes por día.

Nun concello con 7.400 habitantes hai tan só dous médicos a xornada completa e outro na práctica con xornada parcial cando en concellos veciños de 6.000 habitantes hai ata 4 médicos.

Nun centro con alta demanda como é o de Arcade, o servizo de pediatría desaparece durante semanas enteiras porque o SERGAS non cubre as baixas.

A veciñanza ten que agardar durante horas para ser atendidos por mor da saturación das consultas.

As citas demóranse durante días e mesmo dunha semana para outra nas épocas de máis saturación.

Os cupos sanitarios están desbordados e superan con moito as recomendación dos colectivos profesionais como a Sociedade Española de médicos de familia que recomenda un máximo de 1.200 pacientes por médico cando en Soutomaior hai ata 1.800.

Hai veciños e veciñas que non poden darse de alta no seu centro de saúde porque os cupos están saturados e non admiten máis pacientes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20008
Data envío: 09/11/2017 11:38:45.035

O centro de saúde queda sen ningún médico porque o único titular que estaba no día ten que saír a atender urxencias, co risco evidente que iso implica para a poboación.

Ante esta situación que padece a veciñanza, a resposta das administración responsables é sempre a mesma: a Xunta de Galiza nega estas melloras votando en contra das emendas aos orzamentos presentadas polo BNG ou votando en contra de iniciativas parlamentarias do BNG que pedían máis médicos para Soutomaíor.

A veciñanza de Soutomaíor, farta desta situación, saú á rúa o pasado 29 de outubro nunha importante mobilización que demanda estas melloras tan reais como necesarias para a sanidade pública. Mobilizacións que se verán na obriga de continuar, se o goberno galego non atende estas demandas xustas e urxentes.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Dotar ao concello de Soutomaíor de máis médicos/as ata completar como mínimo catro xornadas completas, de maneira que se garanta unha atención sanitaria digna para a veciñanza.

2. Dotar o centro de saúde de Soutomaíor de todo o persoal necesario para atender a poboación (enfermeiros/as, PAS, etc.)



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20008
Data envío: 09/11/2017 11:38:45.035

3. Cubrir as baixas dos médicos/as e especialmente os/as pediatras para garantir que nun centro de alta demanda a veciñanza teña garantido o acceso ao servizo.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2017 11:37:31

María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2017 11:37:36



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 11:38
Nº Rexistro: 20008

Data envío: 09/11/2017 11:38:45.035

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2017 11:37:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2017 11:37:41

Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2017 11:37:44

Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2017 11:37:47

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 21095(10/PNC-001729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei 39/2006, do 14 decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Veroa**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos máis de dez anos dende a aprobación da *Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia* é o momento de analizar o grado de aplicación da mesma.

A política da mal chamada austeridade aplicada ao longo destes anos e a paralización da Lei 39/2006 a través do *RDL 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan Medidas extraordinarias para a redución do déficit público, o RDL 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, a Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2012* e o *Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo de Medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade* teñen condicionado a aplicación da Lei 39/2006 e o acceso ás axudas públicas, endurecendo os requisitos para acceder á prestación, reducindo a calidade das mesmas e incrementando a achega económica das persoas beneficiarias.

Segundo datos do IMSERSO, a 27 de febreiro deste ano, en Galiza existen 80.000 solicitudes rexistradas para recibir axuda para dependentes. Delas, 48.738 foron atendidas, pero 17.563 persoas aínda agardaban por que se fixeran efectivas as prestacións que teñen recoñecidas. Ademais, outras 1.756 persoas estaban pendentes de avaliación.



Os datos do IMSERSO indican que a prestación maioritaria das persoas dependentes galegas é a axuda a domicilio, cun total de 16.722 persoas beneficiarias, o que representa un terzo das atendidas. Séguenlle as axudas para cuidados familiares, que reciben 12.732 persoas dependentes, a atención residencial, con máis de 7.578 usuarias, e as axudas para acudir a un centro de día ou de noite con case 7.000. Outros servizos, como a teleasistencia, chegan a 2.900 persoas dependentes galegas, ou as axudas para a prevención da dependencia, que reciben 3.572.

Os dilatados prazos de espera entre a solicitude da axuda, a emisión do ditame e o acceso efectivo ás prestacións recoñecidas provocou que en Galiza preto de mil persoas solicitantes faleceran sen recibir atención.

O catálogo de prestacións reconece o dereito á asistencia, pero a escaseza de servizos desvía ás persoas usuarias ás listas de agarda, e nin sequera a existencia do servizo garante que a atención sexa todo o adecuada que debера. Ademais, a falta de recursos especializados obriga ao emprego de medios homoxéneos para a diversidade de casos de dependencia.

En Galicia hai 5.000 persoas beneficiarias máis que hai un ano (o que representa un incremento do 25,9%) debido fundamentalmente á incorporación de dependentes de grado I. Así, entre as prestacións que máis creceron en Galicia no último ano están a prestación de prevención, dependencia e promoción da atención persoal (talleres, programas preventivos e de rehabilitación) e a teleasistencia, é dicir: as prestacións que o “Observatorio Estatal para a dependencia” denomina “prestacións low cost”. En ambas, o número de axudas concedidas tense incrementado nun 37% respecto a un ano atrás, ao pasar as primeiras de 2.606 a 3.572 e a teleasistencia de 2.106 a 2.905. En contraste, as residencias perderon un 1,4% de persoas beneficiarias ao reducirse das 7.689 ás



7.579, segundo os datos que figuran no portal de Dependencia do Goberno do Estado.

A axuda a domicilio tense incrementado nun 22% no último ano, ata as 16.722 persoas atendidas. As prestacións económicas vinculadas ao servizo, un 12%, hasta las 4.970 e a concesión de axudas para prazas en centros de día ou noite aumentaron un 10% ata chegar ás 6.929.

As prestacións económicas por coidados familiares incrementáronse nun 9% ata acadar as 12.732 beneficiarias. No último lustro, a Xunta reduciu nun 14% as prestacións de este tipo. Tamén ten influído que as persoas coidadoras no entorno familiar xa non perciben ningunha axuda estatal para financiar as cotas de alta na Seguridade Social. En Galiza menos de mil persoas galegas adicadas a coidar de familiares están afiliadas á SS, o que representa o 7% do total.

As persoas beneficiarias con dereito a prestación aumentaron un 1,8% no último ano debido ao aumento no grado II (un 1,6% máis) e, sobre todo, de grado I (6,2%), ás que pode bastarlles con talleres ou teleasistencia. Mentres, as prestacións a grandes dependentes (grado III) reducíronse (un 0,26%).

Os datos do “Observatorio Estatal para a dependencia” denuncian que a Administración Xeral do Estado só aporta un 18% do total do gasto por dependencia, moi lonxe do 50% previsto na lei. Isto obriga ás Comunidades Autónomas a aportar o 82% restante. Nos últimos catro anos, o recorte acumulado do Estado en dependencia ascende a 3.734 millóns de euros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. Trasladar ao Goberno do Estado que se estableza nos Orzamentos Xerais para o ano 2018 unha partida que permita recuperar o recortado en dependencia dende o ano 2012.
2. Trasladar ao Goberno do Estado que asuma a achega do 50% do gasto total en atención á dependencia previsto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
3. Trasladar ao Goberno do Estado que desenvolva a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
4. Trasladar ao Goberno do Estado que se recuperen as axudas ás persoas cuidadoras no fogar establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
5. Axilizar os prazos que transcorren entre a solicitude da axuda, a emisión do ditame e o acceso efectivo ás prestacións, eliminando a lista de agarda en 2018.
6. Desenvolver un catálogo de servizos especializados á dependencia que corrixa o emprego doutros servizos sociais como Residencias de Maiores.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21095
Data envío: 04/12/2017 14:14:05.269

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/12/2017 14:11:50

Luis Villares Naveira na data 04/12/2017 14:12:00

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 21541(10/PNC-001765)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas situacións de saturación que se veñen producindo nos servizos urxencias da atención primaria e hospitalaria, así como a recuperación das prazas amortizadas

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos.

A situación de saturación dos servizos de urxencias dos diferentes hospitais da rede pública é de sobra coñecida e cada vez máis frecuente.

Tanto a propia situación como o incremento na frecuencia da saturación dos servizos de urxencias sobre todo nas épocas de inverno e verán, é constantemente denunciada polas traballadoras e traballadores, as centrais sindicais e os colectivos en defensa da sanidade pública.

O persoal presente nos servizos quédase curto a meirande parte do ano e os reforzos puntuais son escasos e non resolven o problema global. Un problema que ten a súa orixe non só na situación das propias urxencias, se non na situación dos hospitais do SERGAS. As amortizacións de prazas e reducións de pranteis de sanitarias e sanitarios ten significado a perda de calidade asistencia en determinados servizos e a imposibilidade de asumir a mesma carga de traballo.

Esta situación crónica fai que cando se produce un pico dalgunha enfermidade infecciosa ou un incremento significativo da asistencia por un problema determinado, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos, tal como ten acontecido nas últimas semanas.

Os avisos e advertencias por parte das e dos profesionais, son desoídos e non se acompañan de incrementos dos recursos necesarios . A Consellería de Sanidade,



coñecedora desta situación que non só se estende nas urxencias hospitalarias se non que arte dunha drástica redución de servizos na atención primaria, actúa cunha falta de previsión e Xestión, que unida ao conxunto de recortes no eido da sanidade provoca situación realmente críticas que danan o dereito á atención sanitaria do conxunto da poboación e os dereitos laborais das e dos profesionais.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.
- Recuperar as prazas amortizadas tanto en atención primaria como hospitalaria, negociando coas representantes sindicais a súa oferta pública.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/12/2017 17:26
Nº Rexistro: 21541
Data envío: 14/12/2017 17:26:33.218

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/12/2017 17:23:15

Luis Villares Naveira na data 14/12/2017 17:23:19